



RECANTO DAS CIENCIAS

Para rematar coas tarefas sobre o horto esta semana imos a fixarnos no tempo atmosférico, tan importante para a horta.

Teredes que visitar a páxina de meteogalicia, no seguinte enlace:

https://www.meteogalicia.gal/web/predicion/index.action?request_locale=gl

e buscar a predición do tempo no concello da Estrada, elixir un día e completar a seguinte ficha.

O TEMPO HOXE

LUGAR: _____

DATA: _____

MOMENTO DO DÍA: _____

ESTADO DO CEO: _____

VENTO: _____

TEMPERATURA MÍNIMA: _____

TEMPERATURA MÁXIMA: _____





RECANTO DAS PALABRAS

O ECOSISTEMA DA HORTA

Recordas que era un ecosistema e os elementos que o forman? Unha horta constitúe un ecosistema, como todos os ecosistemas está formado por varios elementos que se relacionan entre si. Escribe no teu caderno o seguinte texto sobre este ecosistema, elixindo a palabra axeitada ou completando o que falta:

"O ECOSISTEMA DA HORTA"

Un ecosistema está formado por un conxunto de seres vivos que viven nun lugar determinado. Unha horta é un ecosistema (terrestre/ acuático) e (natural/humanizado). Como todos os ecosistemas está formado por seres vivos, como: (escribe polo menos dez) e seres inertes, como: (escribe polo menos tres).

Por último recordaremos a importancia da auga , imprescindible para a vida e fundamental, polo tanto, na horta e en todos os ecosistemas. A auga é escasa e un ben que debemos coidar, polo que che pedimos que escribas **tres accións que podemos realizar os seres humanos para ter auga potable nas mellores condicións.**

